

OS PRONOMES

O pronome é unha especie de comodín, é dicir, un tipo de palabra que serve para, chegado o caso, poder colocala no lugar dun substantivo, que se cadra xa utilizamos varias veces e non queremos seguir repetindo.

PRONOMES PERSOAIS

Substitúen un nome ou unha frase que ten como núcleo un nome marcando a persoa gramatical (1ª, 2ª e 3ª)

Lemos a teoría tres veces

Formas tónicas

Funcionan como suxeito
Ex: **Ela** foi á Lúa

OU

Van detrás dunha preposición.
Ex: (Levou a ovella **con ela**)

Formas átonas

Nunca poden funcionar como suxeito

Van case sempre despois do verbo e unidas a el.
Ex: A Lúa crecente pode cravarche un corno

		SINGULAR	PLURAL
1º PERSOA	TÓNICO	eu, min, comigo	nós, connosco
	ÁTONO	me	nos
2º PERSOA	TÓNICO	ti, vostede, contigo	Vós, vostedes, convosco
	ÁTONO	te, che	vos
3º PERSOA	TÓNICO	el, ela	eles, elas
	ÁTONO	o/lo/no, a/la/na, lle	os/los/nos, as/las/nas, lles

❖ A COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO

➤ **Polo xeral, o pronome átono vai despois do verbo e unido a el:** *Gustou**che** a nube de fume?*

➤ **Vai antes do verbo:**

✓ *Nas oracións negativas: Nunca **o** elixiron bruxo do ano.*

✓ *Nas oracións introducidas por que, quen, cando, canto, como, onde, porque:*

*Canto **che** debo?*

✓ *Despois dalgúns adverbios: Ti tamén **me** viches na tele?*

• **Empezamos a facer os exercicios copiándoos no caderno.**

• Substitúe o subliñado polo pronome persoal que corresponda. Indica o número e a persoa de cada pronome:

– **A nai e a tía de Lorena** estaban preocupadas pola nena.

.....

– **O avó de David** traballou moitos anos de noite.

.....

– Teño unha sorpresa para **ti e os teus compañeiros**.

.....

– **As pantasma máis vellas** son as máis sabias.

.....

– **Os bortianos** van botar de menos as pantasma.

.....

– **Meus pais e mais eu** fomos de viaxe a Londres.

.....

– **Fátima, Martiño e David** quedaron impresionados coa noticia.

.....

– **Xurxo e ti** andades un pouco medoñentos.

.....

- Cambia as seguintes oracións usando as formas de cortesía **vostede** ou **vostedes**. Fíxate no exemplo:

Escribíches ti esta nota? → Escribiu vostede esta nota?

Ti non teñas medo, que son boas.

.....

Non comecemos a comer ata que chegues vós.

.....

Es ti o que sae nesa foto?

.....

Se vós estades de acordo, quedamos mañá ás seis.

.....

- Enche os ocos co pronome persoal que cumpra en cada caso:

✓ non creo que vaia á festa.

✓ Lorena chamou polo cadelo e saíu con de paseo.

✓ viches algunha vez cousa semellante?

✓ Por favor, señor, sería tan amable de dicirme que hora é?

- Escribe as contraccións de preposición + pronome que faltan:

	el	ela	eles	elas
de				
en				

❖ O pronome persoal tónico tamén contrae coa preposición con: *comigo*, *contigo*, *connosco*, *convosco*.

• Completa coas contraccións:

- ✓ Mañá volve María; lémbreste..... ?
- ✓ Suso di que non te esquezascando fagas a lista.
- ✓ Xa pasaron os exames. Non penses máis
- ✓ Eu vou ao cine. Queres vir ?
- ✓ Se non entendedes os exercicios, podedes facelos

• Substitúe o subliñado por un pronome persoal. Fai as contraccións necesarias:

- ✓ Todos queren montar **na nave espacial**.
- ✓
- ✓ **A pantasma máis nova** sorrí satisfeita.
- ✓
- ✓ Ten conta **de Dodo** un anaco.
- ✓
- ✓ Fátima chegou con **David e Martiño**.
- ✓

• Subliña de verde os pronomes átonos que van unidos ao verbo e de azul os que van sós nas seguintes oracións:

- ✓ Vouche contar un segredo da miña profesión.
- ✓ Quen vos levou ao obradoiro de apócemas?
- ✓ A Ana vanlle traer un ordenador portátil.
- ✓ Mefisto mostrounos a súa oficina.
- ✓ Hadrián aprendeume un truco de maxia.
- ✓ Non te vin na tele.

•Coloca no lugar que corresponda o pronome entre parénteses:

- ✓ Quen mandarí..... meterme en asuntos de magos! (me)
- ✓ Sabe o tempo que levaba a meu pai facer un esconxuro? (lle)
- ✓ Non van..... levar de visita ao Museo da Maxia. (nos)
- ✓ falarei aos lectores do meu lado máis íntimo. (lles)
- ✓ Cando chamaron.....os bruxos do consello? (vos)
- ✓ decide.....pronto! (o)

•Corrixe os pronomes átonos que estean mal colocados:

—Tedes que vir á nosa casa este verán —dixo Ron—, os dous.... Mandareivos *un moucho*.

—*Cho agradezo dixo Harry. Necesito ter algo así polo que esperar.*

A xente os empurraba mentres avanzaban cara á porta, de volta ao mundo muggle. Algúns saudaban.

—*Nos vemos, Potter!*

—Segues sendo famoso —dixo Ron, sorrindo.

—Non onde vou agora, *cho aseguro* —dixo Harry.

—Espero que teñas unhas boas vacacións —dixo Hermione.

J. K. Rowling: *Harry Potter e a pedra filosofal*, Ed. Galaxia (adaptación).

•Subliña e clasifica os pronomes átonos:

- ✓ Dareiche a fórmula do esconxuro para que o fagas ti mesma.
- ✓ Devólvelle a Ana o libro que nos deixou.
- ✓ Queríache contar un soño que tiven pero xa o esquecín.
- ✓ A Mefisto non lle fales de ungüentos.

Antes do verbo	Despois do verbo